

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: C.P.R. QUIÑONES DE LEÓN
DATA: 8 de abril de 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.

ÍNDICE

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.
2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)
3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.
4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.

1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado		
1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes	Son os recollidos nas distintas programacións didácticas adaptadas de área de área, no punto 1, no apartado “alumnado de materia pendente” e no 2, no apartado “metodoloxía”	
1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	<p>E.P : Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeitocolexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do titor/a. Nos cursos impares (primeiro, terceiro e quinto) a promoción é automática e, polo tanto, non se pode repetir.</p> <p>ESO: Ao finalizar cada curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeitocolexiado, tendo en conta os seguintes criterios: -Promocionará de curso o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliaciónnegativanunhaou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. -Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a promoción dun alumno/a sempre que se cumprantamén todas as condiciónsseguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificaciónsobtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte. c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación. d) Que o equipo docente considere que a promoción beneficiará a súa evolución académica.</p>	
1.3. Criterios de Titulación	<p>ESO:TITULACIÓN Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do alumno/a, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeitocolexiado, tendo en conta os criterios seguintes: -Obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. -Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dun alumno/a sempre que se cumprantamén todas as condiciónsseguintes:</p> <p>a) Que a media aritmética das cualificaciónsobtidas en todas as materias en que estea matriculado/a nese ano académico sexa igual ou superior a cinco. b) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a adquirise as competencias establecidas. c) Que a xuízo do equipo docente o alumno/a alcanzase os obxectivos da</p>	
ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR. CURSO 2021/2022	PÁXINA 2 DE 4	CPR.QUIÑONES DE LEÓN

	etapa.
--	--------

2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria) e matriculas de honra (ESO/BAC)	
2.1. Criterios xerais	<p>ESO:A mención de matrícula de honra decidirse na avaliación final de cuarto curso de ESO segundo as normas seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Optarán a esta distinción os alumnos/as de cuarto curso que na avaliación final obteñan unha nota media do curso igual ou superior a 9. 2. A mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnos/as que corresponda ao enteiro máis próximo ao 5% do total de matriculados/as nese curso. 3. En caso de que cumpran o requisito 1. varios alumnos/as, aplicaranse os seguintes criterios de desempate na orde en que aparecen: <ol style="list-style-type: none"> a) A maior nota media en cuarto curso. b) A maior nota media en toda a etapa. 4. A obtención da mención quedará consignada nos documentos de avaliación do alumno/a.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022	
3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.	Especificado nas programacións didácticas do curso e na adaptación da programación
3.2. Especificar os criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.	Especificado no punto 2.1.da Adaptación da Programación Didáctica
3.3. Especificar o protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación <u>para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.</u>	<p>Na terceira avaliación parcial o profesorado elaborará un informe a partires do cal se deseñarán as actividades de recuperación.</p> <p>Neste informe recolleranse <u>os criterios de avaliación e os obxectivos e competencias nos que o alumnado non acadou o nivel de desempeño necesario e que terá que recuperar.</u> A partires dese informe, cada docente elaborará as actividades de recuperación necesarias para acadar o nivel de desempeño necesario aplicando os correspondentes criterios de avaliación.Cada docente deberá sinalar os elementos curriculares citados anteriormente que o alumno ou a alumna non acadou aínda.</p> <p>Serán os distintos departamentos os encargados de elaborar un modelo de informe que consensuaremos para tentar que sexa común e válido para todas as áreas.</p>

3.4. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas (o remitido pola I.E. ou outro modelo, de ser o caso)

Empregaremos o modelo remitido pola I.E.

4. Aprobación e publicidade

4.1. Aprobación	<p>Indicar o procedemento que o centro adoptou para a aprobación da modificación da concreción curricular no curso 2021/2022.</p> <p>En reunión da CCP do día 10/03/2022 consensuáronse e aprobáronse os criterios de promoción, titulación e matrícula de honra (orde do 25 de xaneiro de 2022). Tamén se indicou a necesidade da adaptar as programacións didácticas nas reunións dos departamentos didácticos, seguindo a orde do 25 de xaneiro, que se explicou e analizou en dita reunión.</p> <p>Enviamos o modelo remitido pola I.E. a todos os departamentos para a modificación das programacións e pregámoslles a maior rapidez posible. Remitiremos os diferentes documentos ao Inspector antes de facelos públicos.</p>
4.2. Publicidade	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none">• A través da páxina web do Centro.• A través da plataforma Abalar, redirixindo as familias á páxina web do Centro.• A través da comunicación directa e presencial titores/as-alumnado.